

Carme dos Pincheiros. A Pobra do Caramiñal

ADRIÁN GONZALEZ

O mar e a montaña danse a man nunha Pobra que se admira dende as alturas

Da Curotiña ás pozas do río Pedras, conta con paisaxes e recunchos que paga a pena descubrir

Iker Cotón

Coa celebración do Carme dos Pincheiros, A Pobra do Caramiñal vive estes días unha das citas máis destacadas do calendario. Esta ocasión permítelles aos visitantes descubrir as marabillas naturais dun concello agochado entre o azul da ría de Arousa e o verde da serra do Barbanza, nunha contorna na que o mar e a montaña se dan a man.

Esta beleza reloce especialmente cando se observa dende o máis alto. O mellor sitio para contemplar unha das mellores panorámicas de Galicia é, sen dúbida, o miradoiro da Curotiña, que se atopa a 512 metros sobre o nivel do mar. Dende este enclave non só se pode apreciar a vila pobrense, senón tamén as illas de Arousa, Sálvora, Ons e Cíes, ademais doutras poboacións como O Grove, Cambados, Rianxo, Boiro ou Vilanova. Outra vista destacable dende o miradoiro é a das ringleiras perfectamente aliñadas de bateas, que xa forman parte da ría. Se o día está claro, pódese distinguir incluso no horizonte o monte de Santa Trega, case na fronteira con Portugal.

Un pouco máis baixo, pero cun

aire literario, a 368 metros de altitude, atópase o miradoiro-monumento a Ramón María del Valle-Inclán. A protagonista deste paraxe é unha estatua do escritor universal nado en Vilanova de Arousa e ilustre veciño da Pobra. A escultura pétrea do eterno bohemio leva a firma de Benito Prieto Coussent e conmemora as excursións do escritor pola serra do Barbanza. Alén das letras, este lugar de observación ofrece unhas vistas espectaculares da ría e das vilas situadas á beira do mar.

Máis preto da costa atópase o miradoiro de Pedra Moura, o paseo litoral por excelencia da Pobra, que ofrece unhas vistas privilexiadas sobre a ría de Arousa. Está situado nun contorno natural de gran beleza, ao pé dunha inmensa rocha granítica que lle dá o nome.

Todo isto sen esquecer que un dos lugares máis paradisíacos do municipio atópase no río Pedras. Co paso dos séculos, o curso fluvial foi esculpindo pozas que, a día de hoxe, son un dos grandes atractivos naturais do municipio, con zonas de baño pouco profundas e varios miradoiros naturais nos que admirar a beleza da serra do Barbanza. ■



Vistas dende o miradoiro da Curotiña.

CEDIDA



Pozas naturais do río Pedras.

CONGALSA

Donde nace el sabor del mañana

CONGALSA

EL SABOR CERRADO AL TIEMPO

iber COOK

FOOD SERVICE

iber COOK

YATECOMERÉ

Carme dos Pincheiros. A Pobra do Caramiñal

O Carme dos Pincheiros que nace do mar e vive na rúa

Entre a tradición mariñeira, os xigantes e cabezudos e os Sanjuerguines, A Pobra do Caramiñal celebra unhas festas con personalidade propia

Iker Cotón

A Pobra do Caramiñal vístese de gala durante os catro días de duración das Festas do Carme dos Pincheiros. Do 14 ao 17 de agosto, a vila situada entre a area da ría e a serra barbanzá desfruta dunhas celebracións na honra dos pincheiros, os mariñeiros que se dedicaban á arte da pesca do pincho, modalidade presente na ría de Arousa desde o século XVIII.

En agosto era cando remataba a campaña de pesca pincheira, e por iso os habitantes da Pobra decidiron trasladar as festividades que honran a Virxe do Carme a estas datas, o que transforma a localidade nun dos puntos máis transitados do litoral arousán. De feito, estas celebracións nacen dun feito histórico concreto: a salvación da tripulación dun barco que se viu inmerso nunha tempestade en 1752, cando cubría o traxecto entre Vilanova e A Pobra do Deán.

Esta orixe mariñeira segue presente nas festividades pobrenses. Para a concelleira de Cultura da Pobra, Patricia Lojo, estas festas «teñen personalidade propia e emocionan moito á xente do mar». A pesar de ser unhas festas moi tradicionais, estas celebracións tamén deixan paso a outras iniciativas como os Sanjuerguines, que xa son marca da casa.

Esta peculiar festa celébrase o sábado e ten unha orixe relativamente recente, vinculada á mocidade da vila. Ata hai pouco máis dunha década, esta xornada limitábase a un pasarrúas co obxectivo de animar as festas do Carme, pero as novas xeracións da Pobra do Caramiñal propuxéronse convertela nunha actividade central das festas, introducindo unha festa da auga, olimpiadas pincheiras e sesións de DJ.

A organización deste evento é totalmente allea á comisión de festas. «Son un grupo de rapazas e rapaces os que o organizan e fan un traballazo porque movern moita xente», explica Patricia Lojo. «Empezan cunha sesión vermú na zona do Castelo, despois pola tarde comezan o Desfile da Auga e logo teñen as Olimpiadas Pincheiras, que son uns xogos moi divertidos. E, finalmente, acaban con DJs. Ou sexa, que están practicamente todo o día e conseguen que durante toda a xornada haxa un ambientazo na Pobra. Hai máis de 2.000 ou 3.000 persoas», relata a concelleira.

Unha tradición máis antiga é a dos tradicionais desfiles de xigantes e cabezudos que enchen as rúas da vila,

atraen as olladas de pequenos e maiores e xeran un caos humorístico sen o que non se entenden estas festas. A súa presenza durante os días de celebración é unha das imaxes máis recoñecibles do Carme dos Pincheiros e unha tradición que, segundo explica Patri-

cia Lojo, mantense viva grazas á remuda xeracional. Rapaces e rapazas do municipio percorren as rúas da Pobra ao ritmo da música, repetindo un ritual que forma parte da memoria colectiva da vila e que cada ano congrega tanto a veciñanza como aos visitantes. ■



Tradicional desfile de xigantes e cabezudos.

Carme dos Pincheiros. A Pobra do Caramiñal

CEDIDA

«Aguantamos ata que dea o corpo»: xigantes e cabezudos toman as rúas

Risas, carreiras e troula nunha das citas máis agardadas das festas do Carme dos Pincheiros

Iker Cotón

Se hai algo que caracteriza as festas do Carme dos Pincheiros son os desfiles de xigantes e cabezudos que ateigan as rúas durante os días de celebración. Estes curiosos personaxes chaman a atención de pequenos e maiores, que se achegan para acompañar o seu percorrido e desfrutar dunha das tradicións máis arraigadas da Pobra do Caramiñal. Máis aló do seu valor como tradición, estas figuras de grandes cabezas seguen a ter na cativada os seus espectadores máis entregados. Entre risas, carreiras e algún que outro susto, os máis pequenos seguen de preto os pasos da comitiva formada por 26 xigantes e cabezudos.

A orixe das procesións destes peculiares personaxes remóntase ao século XVIII, cando os rapaces da vila encabezaban a procesión do Corpus para animar o público asis-

tente. Hoxe en día, moitos rapaces e rapazas da vila continúan esta tradición con orgullo e agarimo. É o caso de Lois Moledo, un rapaz da Pobra de 23 anos que leva desde os 16 portando un dos xigantes que animan estes desfiles. Comezou no 2019, levando «o Negro ou a Negra, que son os que menos pesan», conta.

Para Lois, estes desfiles son «o núcleo principal das festas, tanto pola mañá como pola tarde animan á xente a saír pola vila e a tomar algo». O certo é que estes desfiles son un dos piares fundamentais das celebracións do Carme dos Pincheiros, tanto para os veciños como para os participantes desta curiosa comitiva cabezada: «A miña sensación é que se trata dunha tradición moi valorada na vila. Tanto para a xente que está dentro dos xigantes e dos cabezudos como para a xente que está fóra», comenta.



Desfile de xigantes e cabezudos na Pobra do Caramiñal.

Aínda que estes peculiares personaxes anden de troula pola Pobra, non sempre son sinxelos de manexar: «Entre os xigantes temos de todo tipo. Están o Negro e a Negra, que son os máis pequenos e que pesan 35 ou 40 quilos, e despois pode chegar o xigante representativo da Pobra, que pesa case 100 quilos».

Malia o elevado peso das figuras, Lois comenta que poden aguantar de troula con elas «tres, catro ho-

Un total de 26 xigantes e cabezudos divirten todos os anos coas súas procesións a veciños e visitantes

ras... se vemos que hai moito rebumbio e temos forzas, aguantamos ata que dea o corpo».

Non todo é cargar con eles. Cabe- zudos e xigantes bailan polas

rúas, animan os espectadores e crean o caos en bares e tendas. Precisamente, este é un dos momentos que máis desfruta Lois: «A min o que máis me gusta é cando os cabezudos bailan ou fan algunha parvada. Entran nun bar e se poñen a tolear cos camareiros, ou están en calquera sitio facendo flexións ou subindo ás fontes. É o que máis desfruto porque estamos todos reunidos, todos mirando... É un momento moi bonito». ■

FRIPUSA
FRIGORÍFICOS
PUEBLA, S.L.
FELICES FESTAS
La Bayuca. I - Telf.: 981 83 01 58 - 981 83 01 87 - Fax: 981 83 10 27
Apartado. 30 - PUEBLA DEL CARAMIÑAL - (La Coruña)

Felices Fiestas
FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) |
EQUIPOS A PRESIÓN | CONTRA-INCENDIOS |
INSTALACIONES INDUSTRIALES
www.instalacionesherfer.es
Pol. Ind. de Espiñeira, P14 - Boiro - A Coruña
T. 981 849 971 y 981 847 097
comercial@instalacionesherfer.es
INSTALACIONES HERFER

Les deseamos felices fiestas
Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.
Espectáculos en Fuegos Artificiales
Fábrica/Almacén/Oficinas
Lg. Monte Pedroso - Vilariño | CESPÓN - BOIRO (A CORUÑA)
Tel./Fax: 981 00 61 45 | info@pirotecniaresua.com
Comerciales: 629 75 54 05 - 630 04 96 48 - 630 04 98 84

Talleres FONTAO
MECANIZADOS - PRECISIÓN MEDIA ALTA
OKUMA
Teléfono: 981 831 854
Pol. Ind. "A Tornada" Parcela 3
Pobra do Caramiñal (A Coruña)
fontao@talleresfontao.com
PRECISIÓN
CALIDAD
TECNOLOGÍA
COMPROMISO

Construcciones Fariña y Lobeiras s.l.
• TRABAJOS CON MINIPAL Y EXCAVACIONES • TRABAJOS EN PIEDRA
• CONSTRUCCIONES EN GENERAL • REFORMAS - PINTURA
• VIVIENDAS UNIFAMILIARES
Río Morto, 2 - A - A Pobra do Caramiñal - jcfory@live.com
Teléfonos: 646 683 800 - 609 197 313

Carme dos Pincheiros. A Pobra do Caramiñal

Pablo Vázquez

A Pobra do Caramiñal vive estes días as festas da Virxe do Carme dos Pincheiros, que comezaron o venres 14 de agosto e rematarán mañá, luns 17. Unha cita que forma parte dun amplo calendario festivo que terá continuidade en setembro cunha das celebracións máis singulares da vila: a Festa do Nazareno, tamén coñecida como Festa das Mortallas. Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia no ano 2000, está considerada unha das celebracións máis emblemáticas da comarca e celebrárase durante catro días, do 18 ao 21 de setembro de 2026.

Unha tradición que mira á morte

A tradición da Festa das Mortallas converte esta celebración nunha das manifestacións relixiosas máis singulares de Galicia, especialmente polo seu vínculo coa morte e pola particular imaxe que ofrece a súa procesión. Cada terceiro domingo de setembro, milleiros de persoas achéganse á vila para acompañar unha tradición popular que se remonta ao século XV.

A orixe da festa está ligada a unha antiga lenda. Segundo a tradición, o rexedor da Pobra de Deán, Don Juan Linares, condenara a morte varios ladróns e, na véspera da festividade do Nazareno, caeu gravemente enfermo. Tras encomendarse á imaxe e recuperar a saúde, presentouse na procesión vestido coa súa propia mortalla e ordenou que o seu cadaleito fose portado durante o percorrido. Unha vez rematada a procesión e en agradecemento ao Nazareno pola súa recuperación, o rexedor indultou os condenados.

E, tralos Pincheiros, chega a procesión do Nazareno

Do 18 ao 21 de setembro, milleiros de persoas achegaranse á vila para vivir unha das tradicións máis singulares de Galicia



Festa de Jesús de Nazareno na Pobra do Caramiñal.

Unha promesa feita ao Nazareno

De aí nace o sentido desta singular tradición. As persoas ofrecidas, tamén coñecidas como nazarenos, participan na procesión para cumprir unha promesa realizada ao Santísimo Nazareno tras superar unha enfermidade grave, un accidente ou outra situación de perigo. De tras delas é portado o cadaleito que, de

non producirse a recuperación, as tería acompañado na morte. Unha imaxe que, malia o seu forte simbolismo, representa precisamente o agradecemento pola vida e a esperanza tras superar a enfermidade ou o perigo.

A posta en escena da procesión é, cando menos, impresionante. Os ofrecidos adultos visten un hábito ou sudario mortuorio de cor morada, semellante ao que se emprega para vestir a imaxe de

Xesús Nazareno, e levan un gran cirio aceso nas mans, símbolo de vida e agradecemento. Tras eles avanza os seus familiares portando o cadaleito. No caso dos nenos e nenas, o hábito é de cor branca.

Fe, promesas e esperanza

Son milleiros as persoas de todas as idades que acoden á procesión con gran fervor relixioso. Moitas participan tamén

vestidas con túnica, mentres outras camiñan descalzas e portan cirios ou exvotos como mostra de agradecemento polos favores recibidos ou para pedir saúde para elas mesmas e para os seus seres queridos. Algunhas das promesas están tamén relacionadas coa vida no mar, coas enfermidades ou cos perigos aos que tradicionalmente se enfrontaban as familias da vila.

Un percorrido marcado pola devoción

A Procesión das Mortallas está presidida pola imaxe de Xesús Nazareno e sae pola mañá da igrexa de Santiago do Deán. A comitiva percorre o centro do casco urbano, atravesa o casco histórico e a estrada principal e, finalmente, regresa ao templo. Ao longo do percorrido, os ofrecidos avanza detrás dos seus cadaleitos acompañados por familiares, achegados e milleiros de fieis. Esa combinación de devoción, simbolismo e tradición popular converte o Nazareno nunha das celebracións máis recoñecibles e multitudinarias da comarca do Barbanza.

Co paso do tempo, este ritual mantivo practicamente intacta a súa esencia e continúa reunindo cada ano a persoas chegadas de diferentes lugares, tanto da comarca como doutros puntos de Galicia. A presenza dos ofrecidos e dos seus familiares responde a promesas persoais que, en moitos casos, foron transmitidas de xeración en xeración. Para moitas das persoas que participan, cumprir con este compromiso supón revivir unha experiencia familiar ligada á enfermidade, á esperanza e á recuperación, mantendo así vivo o significado orixinal desta tradición. ■

Grupo Outeiral

Autos R. Outeiral
BOIRO. A CORUÑA
Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com

J. Senin s.l.u.
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es



SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS
CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES
VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS

SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.

Felices fiestas



ACTEMSA

Deséxalles unhas felices festas do Carme dos Pincheiros

- Operadora global de túnidos e peixe conxelado
- Importación e exportación
- Servizos de conxelación



www.actemsa.com

Pol. Ind. A Tomada. Avda. A Tomada s/n
15940 Pobra do Caramiñal - A Coruña - España
Tel. +34 981 833 000
E-mail: actemsa@actemsa.com

Sostibilidade
Elaboración artesanal
Compromiso coa contorna